

COMPRESIÓN TEXTO 3

LOCKE (texto 1) Ensaio sobre o goberno civil, Cap. 7, § 89 y §90

§ 89. Polo tanto, onde queira que calquera número de persoas se xunten nunha sociedade dispostas a abandonar cada un o seu poder executivo da lei da natureza, e a renunciar a el a favor do poder público, alí e só alí haberá unha sociedade política ou civil. E isto dáse onde queira que un número calquera de homes, en estado de natureza, pase a formar unha sociedade co fin de construír unha persoa ou corpo político baixo a soberanía dun goberno supremo, ou tamén cando calquera particular se une e incorpora a un goberno xa feito. Xa que neste caso autoriza á sociedade ou, o que é o mesmo, ó poder lexislativo dela a facer leis para el, tal e como o ben público de dita sociedade requira, para a execución das cales é preciso (como para os seus propios decretos) a súa colaboración. E isto pon os homes fóra do estado de natureza e dentro daquela república [commonwealth], establecendo un xuíz na terra con autoridade para a determinación de todas as controversias de dereito que xurdan entre eles, e para reparar as inxurias que puideran ocorrer contra calquera membro da república [commonwealth], o cal será xulgado polo poder lexislativo ou polos maxistrados sinalados para tal fin. E onde queira que houbese un número de homes dalgún xeito asociados, que non tivesen tal poder decisivo ó que apelar, entón alí estarán aínda no estado de Natureza.

§ 90. E polo tanto, é evidente que a monarquía absoluta, a cal é considerada por algún como a única forma de goberno válida no mundo, é de feito incompatible coa sociedade civil e, polo tanto, non pode ser unha forma de goberno civil en absoluto. Dado que o fin da sociedade civil é evitar e remediar aqueles inconvenientes do estado de natureza que se derivan necesariamente do feito de que cada home sexa xuíz do seu propio caso, establecendo unha autoridade coñecida á cal calquera membro desa sociedade poida apelar en caso de ser inxuriado, ou en caso dunha controversia que poida xurdir, e á cal todos os membros de dita sociedade deban obedecer. Onde queira que haxa un grupo de persoas que non teñan tal autoridade á que apelar, e que poida decidir calquera diferenza que entre eles poida alí xurdir, esas persoas estarán aínda no estado de natureza. Nel atópase todo príncipe con respecto a aqueles que estean baixo o seu dominio.

LOCKE: Ensaio sobre o goberno civil, cap. 7: Da sociedade política ou civil.

O texto que analizaremos é un fragmento de *Segundo tratado sobre o goberno civil* (1690) do filósofo inglés John Locke. A obra pertence ao período moderno, concretamente á Modernidade Clásica (séculos XVII e XVIII). Este fragmento analiza a súa proposta de contrato social e as súas consecuencias políticas. Locke parte da base de que todos os homes nacen libres e iguais en dereitos, polo que rexeita toda xustificación dunha sociedade xerarquizada ou desigual baseada en argumentos de autoridade divina ou de tradición.

Para Locke, os homes viven no estado de natureza cunha liberdade limitada pola **lei natural** que deben respectar. Dita lei natural baséase na razón e obriga a todos os homes a non atentar contra a vida, a liberdade e os bens dos demais. Esta obriga ten como límite o dereito de autoconservación, polo que cada home ten o dereito de castigar os que infrinxan a lei natural, de modo que todos os homes son simultaneamente lexisladores, xuíces e executores.

O estado de natureza presenta certos problemas que poden dificultar a conservación dos dereitos naturais dos individuos, polo que Locke propón a creación dun **contrato social**. Este contrato establece que os homes renuncian ao seu poder de xulgar e castigar as infraccións da lei natural e transfírenlo a un goberno que actuará de forma imparcial, garantindo así os dereitos naturais de todos. **O contrato social supón a creación da sociedade civil e política.**

Locke afirma que o goberno ten como principal obxectivo a protección da propiedade (entendida como a vida, a liberdade e os bens dos individuos). O poder do goberno é limitado e está sometido á lei natural e ao consentimento dos gobernados. En caso de que o goberno non respecte os dereitos dos individuos ou actúe de forma contraria ao establecido no contrato social, os cidadáns teñen o dereito e a obriga de rebelarse e formar un novo goberno que respecte o pacto social.

Ao reunirse en sociedade, os homes renuncian unicamente ao dereito de ser xuíz e castigar os infractores (poder lexislativo que inclúe o poder xudicial), co cal non debilitan os seus outros dereitos naturais, senón que os fortalecen. A finalidade do contrato (tema fundamental do texto) é, pois, crear unha autoridade adecuada para salvagardar os nosos dereitos naturais, sendo o moi importante, para Locke, o dereito á propiedade. Efectivamente, co pacto os individuos renuncian a algúns dos seus dereitos naturais: renuncian ao seu poder lexislativo e executivo en favor da sociedade, para poder gozar con máis seguridade da súa liberdade. É dicir, que o individuo non renuncia á súa liberdade, pero está disposto a restrinxila para obter uns beneficios que Locke resume nos seguintes:

- Dispónse dunha lei escrita (lei positiva) que define a lei natural e evita as controversias sobre ela.
- Establécese un sistema xudicial que goza do recoñecemento xeral e evita arbitrariedades (imparcialidade).
- Créase un poder capaz de castigar crimes e obrigar a executar as sentenzas.
- Consérvase a propiedade privada: “o gran e principal fin de que os homes se unan en comunidades (commonwealths) e de que se sometan ao goberno é a preservación da súa propiedade”.

Máis aló de garantir o dereito natural á propiedade privada, o Estado debe absterse de intervir no que afecta á propiedade e debe reducirse á mínima e necesaria expresión para que os individuos exerzan a súa liberdade segundo o seu criterio (estas son as ideas do partido liberal ou Whig, cuxo máximo teorizador era Locke).

Como dixemos anteriormente, o pacto dá orixe á **sociedade civil** e, posteriormente, o pobo constitúese en **assemblea** e elixe un **goberno** que debe representar a todos os homes (**soberanía popular**). É dicir, en Locke os dous momentos constitutivos están claramente diferenciados (polo contrario, para Hobbes, o mesmo acto do contrato xeraba simultaneamente a sociedade civil e o Estado). Isto é importante porque, para Locke, o pacto é entre individuos e gobernantes e dá lugar ao “encargo” ou “mandato” dunha tarefa a un goberno (**democracia representativa**) que ten nas súas mans o poder lexislativo e executivo (o poder xudicial é, para Locke, un aspecto do lexislativo). Pero o goberno pode ser disolto cando se dea algunha das seguintes situacións:

- Cando o poder lexislativo sexa modificado arbitrariamente ou sometido a un poder absoluto que lle impida actuar libremente.
- Cando quen detente o poder executivo sexa incapaz de poñer as leis en vigor.
- Cando o poder executivo ou o lexislativo actúen contrariamente ao mandato encomendado ou contra as leis naturais.

Locke lexítima incluso a rebelión dos cidadáns (é o seu dereito e a súa obriga) se se dá algunha das situacións anteriores. Mentres que en Hobbes os individuos perden a súa soberanía irreversiblemente cando por contrato a outorgan ao soberano, en Locke o pacto é recíproco e reversible: o pobo nunca perde a soberanía e pode recuperala se o gobernante non cumpre co pactado e non vela adecuadamente polos dereitos inalienables dos individuos. Ademais, o poder do Estado non pode estar concentrado nos mesmos representantes (contra o absolutismo), senón que a garantía de que non se produzan

abusos de poder recae nunha estrita división de poderes en tres ámbitos distintos e en mans de persoas distintas:

- Poder lexislativo: constitúe o poder supremo (assemblea soberana ou parlamento que promulga leis), pero non é un poder absoluto, xa que ten que respectar a lei moral natural e responder á confianza depositada nel.
- Poder executivo: encargado de realizar os mandatos do lexislativo.
- Poder federativo: encargado da seguridade do Estado e das relacións co exterior.

Locke centrou as garantías constitucionais da limitación do poder do Estado na teoría da separación de poderes de tal modo que institucionaliza a división das actividades do Estado e formula, por primeira vez na política práctica, a necesidade de control do poder, que máis tarde completará **Montesquieu** -1689-1755- (a súa división de poderes: lexislativo, executivo e xudicial, é o principio fundamental do moderno Estado de Dereito). Locke afirma que, para que o poder político non degenere en poder absoluto, é conveniente que o poder lexislativo e o executivo estean separados, pois, se son as mesmas persoas as que fan as leis e as executan, existe o risco de que as redacten e apliquen segundo os seus intereses e que eles mesmos eludan a obediencia ás mesmas.

Segundo afirma Locke no texto, **a monarquía absoluta (sistema político resultante da proposta de Hobbes) sería incompatible coa sociedade civil**, pois **o monarca absoluto seguiría no estado de natureza** en canto non renuncia a executar a lei pola súa conta. Ningún goberno absoluto pode ser lexítimo, porque ningún goberno absoluto pode ter como orixe o consentimento dos gobernados: “non pode suporse que unha criatura racional cambie deliberadamente de estado para ir a outro peor”. O monarca absoluto permanece á marxe da autoridade da lei, polo que os seus súbditos carecen de dereitos fronte a el (Para Locke o dereito á vida, á liberdade e á propiedade son inalienables, é dicir, non poden ser entregados a outro ou outros, e sen eles a constitución mesma da sociedade civil ou política carece de sentido).

Fronte ao Estado absoluto de Hobbes, Locke avoga por un **Estado liberal** onde a maioría é quen decide organizarse en forma de monarquía, oligarquía ou democracia. Locke inclínase por unha **monarquía parlamentaria con división de poderes**: o pobo elixiría aos seus representantes no parlamento (democracia representativa) para que estes, como poder lexislativo -que incluíría o xudicial e sería o poder supremo-, controlasen ao poder executivo do goberno (o poder federativo é un poder distinto pero inseparable do poder executivo, xa que confiar a execución da política interior e exterior a diferentes poderes tería consecuencias desastrosas).